



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE AGOSTO DE 2014

2.- Solicitudes de licenzas de obras para ampliación de vivenda unifamiliar na travesía do Cendal, nº 11.

LIC/629/2014.- Ana María Zas López.- Conceder a licenza para executar as obras de ampliación dunha vivenda unifamiliar na Travesía do Cendal nº 11.

3.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da conta xustificativa da subvención da Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros de ensino público non universitario (dende decembro de 2013 ata xuño de 2014).

A XGL aprobou a conta xustificativa da subvención da Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros de ensino público non universitario, dende decembro de 2013 ata xuño de 2014. Estes Centros son: CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardeal Quiroga Palacios, Roxos-Villestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola.

En xuño de 2013 aprobouse o convenio que posibilita a prestación deste servizo co financiamento autonómico e co que se consegue que os pais abonen un prezo máis reducido por este servizo. Unha vez adxudicado, o prezo era de 3,31 € IVE incluído por xantar e os pais aboaban 2,96 € IVE incluído por xantar. No caso do almorzo o prezo é de 2,04 €.

Este é un servizo que presta o Concello a través dunha empresa e que está financiado pola Consellería de Educación da Xunta. Este período que xustifica hoxe, decembro 2013 a xuño 2014 tivo un custo total de 25.922,75 €, dos que o Concello fixo unha achega de 19.950 €.

O Concello ten garantidas as cantidades para financiar este servizo para o que resta de ano e ata o derradeiro día do curso escolar 2014- 2015.

4.- Proposta relativa a dación de conta da Aprobación da Xustificación e o pagamento da achega provincial ao convenio de Erradicación do Chabolismo do concello de Santiago de Compostela.

Aínda que o convenio leva este nome, podemos dicir que na nosa cidade o chabolismo está erradicado e que o obxectivo agora é a resolución do problema da infravivenda. Dende hai anos existe un Programa Municipal para a inclusión residencial e erradicación da infravivenda, cuxo resultado foron as sucesivas sinaturas de convenios de colaboración.

No día de hoxe deuse conta da xustificación e pagamento do convenio coa Deputación da Coruña que estivo en vigor ata o 31 de maio de 2014. O custo deste programa foi de algo mais de 48.000 €, dos que a Deputación fai unha achega de 30.000 € e o Concello aporta o resto. Esta acción permite manter a educadora social que leva a cabo as accións para conseguir o obxectivo marcado no convenio.

Neste Programa participaron un total de 53 familias ou unidades de convivencia coas que se fixo un traballo personalizado, como o de orientalas na busca de vivenda e no acceso ás axudas públicas, adquisición de habilidades básicas e sociais para a integración normalizada, integración social... O perfil de unidade convivencial máis numeroso é o de familia con fillos menores, ata un 75% dos casos.

Nestes momentos estase a tramitar coa Deputación provincial a sinatura dun novo convenio.

5.- Dar conta de aprobación dos seguintes convenios relativos a subvencións de concesión directa entre o Concello de Santiago e Club Triatlón Santiago, Club Arteal Tenis de Mesa e Sociedade Deportiva Compostela.

- O convenio entre o Concello e a entidade deportiva CLUB TRIATLÓN SANTIAGO ten por obxecto que este club, o máis representativo a nivel local desta especialidade, poida participar na Primeira División Nacional do Triatlón, o que o converte nun referente a nivel deportivo e social. A achega municipal será de 11.000 €. Esta colaboración ten tres obxectivos: o apoio a este club da nosa cidade que é importante na súa disciplina; que o club publicite o Concello de Santiago alí por onde compita; e que, para, disfrute dos amantes deste deporte, este club corra cos gastos da organización dunha proba de Triatlón ou Duatlón que se celebrará en Santiago.

- O Club Arteal Tenis de Mesa é o máis representativo da súa disciplina na nosa cidade, xa que compite na Superdivisión Masculina de Tenis de Mesa, que é a máxima categoría neste deporte. O Concello achega para esta entidade deportiva a cantidade de 11.000 €. Este club publicitará o Concello en toda a súa vestimenta, nos recintos deportivos que utilice en Santiago, nos carnés do abonados, nas publicacións que realice e en cartelería en xeral.

- Grazas ao convenio subscrito co Concello, a Sociedade Deportiva Compostela pode afrontar os gastos xerais derivados da súa participación na Liga Nacional de 2ª División B. O Concello realizará unha achega de 45.000 €. A cambio, a SD Compostela comprométese a colocación de publicidade nos recintos deportivos de Santiago onde celebre encontros e, tamén, levara o anagrama e o lema Concello de Santiago na manga dos equipamentos de competición.

Estes convenios foron aprobados na Xunta de Goberno do 11 de xullo pasado.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión de exencións no imposto sobre bens inmobles.

8 a 17. Propostas do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre actividades económicas.

18.- Proposta da concelleira de Urbanismo relativa á denegación da solicitude de devolución das cantidades entregadas por Monte de Santas Mariñas e Dolmen Asesores Inmobiliarias a conta das parcelas: BB5 e BB2 (SUNP-11 do Castiñeiriño).

Con data 1 de xullo de 2014, DOLMEN ASESORES INMOBILIARIAS S.L. e tamén a Sociedade Cooperativa Galega de Vivenda presentaron senllos escritos nos que solicitaban a devolución das cantidades entregadas por ambas sociedades como parte do prezo aprazado a satisfacer polas parcelas BB2 e BB5 do SUNP-11 do Castiñeiriño, adquiridas por cada unha en concurso público.

DOLMEN, solicita a devolución de 225.000 € e MONTES SANTASMARIÑAS 60.000 €.

Estas sociedades adquiriron estas parcelas para edificar vivenda de protección oficial pero, froito do mal momento do mercado inmobiliario, decidiron non seguir adiante co proxecto xa que entendían que nese momento xa non ía existir interese por estas vivendas, polo que solicitan a devolución do pagado.

O Servizo de Expropiacións do Concello rexeita a solicitude de devolución destas empresas e require ás sociedades o cumprimento do contrato coas condicións establecidas.

19.- Aprobación do expediente de contratación e inicio do procedemento do contrato de prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais deste Concello.

A XGL aprobou o expediente para contratar o servizo de prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais deste Concello por un importe licitación de 47.370,35 € IVE incluído, dos que o Concello aporta 29.820,35 € e a diferenza vai con cargo aos fondos FEADER. Este convenio entre a Consellería do Mar e Rural e o Concello de Santiago é unha mostra máis da colaboración entre Administracións para levar a cabo a recuperación do potencial forestal e a prevención dos incendios.

20.- Proposta da concelleira delegada da Área de Patrimonio e Contratación relativa a aceptación da cesión dos retratos dos Reis de España.

Con data 15 de xullo de 2014, o pintor Rafael Romero Masiá entrega unha carta no Concello para comunicar que cede a título gratuito os retratos das SS.MM os Reis de España. No seu escrito comenta que, posto que foi o autor dos cadros dos anteriores reis, que estaban no Salón de Plenos do Concello, tiña a ben doar ao Concello os retratos dos actuais reis. Ditos cadros foron pintados con técnica mixta sobre táboa e teñen unhas dimensións de 85x115 cm.

Unha vez emitido informe favorable do Secretario Xeral do Concello a XGL adoptou os seguintes acordos:

- Aceptar a cesión destes retratos do pintor Rafael Romero Masiá.
- Inscribir estes cadros no Libro de Inventario Xeral do Concello.
- Comunicar a este artista a aceptación polo Concello da cesión dos cadros.

21.- Concesión subvencións a empresas privadas para financiamento de bolsas para acceso a persoal especializado como vía de mellora da competitividade.

O obxecto desta proposta aprobada no seu día pola XGL é o de levar a cabo un programa específico para a mellora da posición competitiva das empresas a través da utilización de persoal cualificado. Para estas subvencións dispónse dunha cantidade de 228.000 €.

Neste caso trátase de incidir na capacidade das empresas para prestar servizos de forma máis eficiente e co obxecto de obter uns maiores resultados. Unha vez foi resolta a primeira das resolucións, a Comisión de Avaliación acordou outorgar as seguintes axudas:

A M^a Jesús Vázquez Roqueiro, unha subvención para a contratación dunha titulada universitaria en farmacia por 4 meses por un importe de 3.200 €.

A Informática Einfo, S.L., unha subvención para a contratación dunha titulada en FP en Sistemas Microinformáticos por 4 meses por un importe de 2.800 €.

Para Iglesias Sendón S.C, unha subvención para a contratación dunha bolseira co perfil de Certificado de Profesionalidade (Formada en tarefas administrativas) por 4 meses por un importe de 2.800 €.

E finalmente para Francisco Javier Míguez Nimo (La Bodeguilla de San Lázaro) unha subvención para a contratación dunha titulada en FP en Hostelería por 4 meses por un importe de 2.800 €.

Nesta primeira resolución adxudícanse axudas por un importe total de 11.600 €, dos que, recordemos, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional financia o 80% dentro do Programa Urbana.

22.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación definitiva de axudas fase 6 Vista Alegre.

A proposta da Concelleira de Urbanismo, a XGL aprobou de forma definitiva as axudas da FASE 6 da Área de Rehabilitación Integral (ARI) de Vista Alegre, que son resultado do convenio asinado entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello.

Nesta ocasión aprobáronse unhas axudas por importe de 196.224 €, sufragadas a partes iguais polo Ministerio e polo IGVS, e que dará a posibilidade a 7 propietarios de Vista Alegre de levar a cabo obras de rehabilitación nas súas vivendas.

23.- Proposta da Alcaldía relativa á redistribución do orzamento e actuacións do proxecto Urbana Santiago Norte.

Nos últimos meses e como consecuencia dos importantes avances na execución do proxecto Urbana e coas adxudicacións dos contratos correspondentes, producíronse unhas baixas que, de acordo coas orientacións recibidas pola Autoridade de Xestión do Programa Urbana, poden ser aproveitadas para a realización de novas actuacións sempre que se axusten ao obxectivo xeral do proxecto.

A sobras realizadas ata o de agora suman preto de 3 millóns de euros:

- Reurbanización Caramoniña, 258.419,66 euros
- Travesa Escultor Asorey, 157.028,16 euros
- Corredor Verde Bonaval Almáciga, 143.120 euros

- Centro Cívico Romaño, 763.799 euros
- Mellora da mobilidade Vista Alegre , 1.240.384,58 euros
- Zonas altas Santa Clara-Basquiños Pastoriza, 384.780 euros

As baixas xeradas por estas obras suman un importe de 787.228 €, o que nos vai a permitir realizar as seguintes actuacións:

- Liquidación das obras e posta en funcionamento do Catalizador Cultural de Belvís: 77.981 €. Trátase dunha actuación realizada en dito parque, dentro tamén do Urbana norte.

- Mellora da mobilidade da Rúa Quiroga Palacios: 661.905 €. Levarase a cabo a mellora da pavimentación tanto rodada como peonil, mellora de redes e mellora do alumeadado da rúa.

- Licitación da nave para o Centro Xove de Creación Cultural que se vai construír na Almaciga, a carón do colexio: 41.113,58 €. Con esta cantidade complétase o orzamento total para a nova licitación que será por un importe de 229.722,67 €. (Hai un nova licitación porque a empresa que resultara adxudicataria no seu día declarouse en quebra polo que renunciou o contrato).

Estas obras suman un total de 787.001,55 €.

24.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria das subvencións para o deporte federado 2014.

Como cada ano o Concello procede a aprobación en XGL da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado para o ano 2014.

O obxecto destas axudas é o de financiar, en parte, os gastos derivados da súa participación nas competicións deportivas establecidas nos correspondentes calendarios oficiais das federacións autonómicas e nacionais.

Poderán acollerse a esta liña de axudas aquelas Entidades Deportivas con sede social no Municipio de Santiago e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, e no Rexistro da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. A cantidade disposta para estas subvencións é de 200.000 €.

25.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención para o desenvolvemento da prevención de drogodependencia e condutas aditivas.

A XGL acordou solicitar unha subvención de 97.660 € para o desenvolvemento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas promovida pola Consellería de Sanidade. Os custe total de levar a cabo as accións preventivas son, a maioría, gasto de persoal. O total ascende a 102.800 €, dos que o concello aportaría 5.140 €

Isto permitirá seguir realizando as accións en colexios, con explicacións e talleres para os escolares nos que se lles explica os efectos destas sustancias; as Escolas de País que se fan través das ANPAS para facerlles coñecedores sobre os perigos os que se enfrontan os adolescentes se consumen ditas sustancias e por ultimo, os talleres e actividades con monitores que se realizan nos Centros Socioculturais cos adolescentes co obxecto que non caian no uso destas de drogas.

26.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa a concesión de axudas de emerxencia social.

A XGL aprobou dentro do Programa MAPIS (Medidas de apoio para a prevención e integración social) as axudas de carácter social a favor de 35 persoas.

En concreto, aprobáronse 25 axudas para manutención por importe de 34.346, euros. Ademais, concedéronse axudas para aluguer a 7 persoas por importe de 5.147,50 euros e, finalmente, axudas para gastos excepcionais por un importe de 815,67 euros que beneficiarán a 3 persoas.